



Convenio de colaboración entre Extraco S.A. e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para a colaboración no marco do Proxecto “Tecnoloxías de optimización da xestión de infraestruturas críticas para a prevención de incendios forestais-Topacio”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa empresa Extraco Construcións e Proxectos S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 7 de xuño de 2018 ata o 30 de setembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- 1- Caracterización estrutural de los combustibles.
- 2.- Determinar el comportamiento potencial del fuego en dichos combustibles, mediante simulación y la eficacia, a nivel estratégico, de las franjas gestionadas con diversos tipos de tratamientos convencionales.
- 3.- Evaluar la capacidad de recuperación de los combustibles forestales y la longevidad de los tratamientos.
4. Otras labores científico-técnicas necesarias para alcanzar los objetivos del proyecto, de acuerdo con lo recogido en la Memoria Técnica del mismo (Anexo I).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Medio Rural, a través da AGACAL considera entre as súas prioridades mellorar a protección do medio rural fronte aos incendios forestais; pretende mellorar as tecnoloxías preventivas actuais mediante intervencións sobre a vexetación que reduzan a severidade dos incendios forestais, mitigando os seus efectos ambientais sobre os ecosistemas queimados e reducindo as emisións de CO₂ que están contribuíndo substancialmente ao cambio climático.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira, alimentaria e forestal, o impulso da transferencia





tecnolóxica, así como, a dinamización de iniciativas que comporten novas orientacións produtivas ou de adaptación ao mercado e ás súas esixencias, (Lei 2/2005, 18 de febreiro de promoción e defensa da calidade alimentaria galega).

EXTRACO, S.A. ten como obxectivos la construción de todo tipo de obras, públicas ou privadas, tanto de obra civil como de edificación.

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán, que depende da Agacal, conta con coñecementos técnicos e experiencia na avaliación dos complexos de combustible forestal, tanto dende o punto de vista do comportamento potencial do lume como da súa lonxevidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

